

Antón Cortizas Amado (Ferrol, 1954) é (entre outras moitas cousas) **mestre** (sempre) e **escritor** (cando se pon a elo) de literatura infantil en lingua galega. Presentamos aquí uns retrincos autobiográficos e unha relación das obras ofrecidas para o gozo de todos os seus lectores así como dos premios obtidos. É posible que existan esquecementos non desexados polos que presentamos as nosas desculpas.

Aló polo ano 1954, cando as follas das árbores caían no chan, eu caín tamén de non sei onde, e afortunadamente había unha cama debaixo. Debo ser moi nugallán porque dende aquela estou a nacer e aínda non acabei de facelo. A verdade é que che non vos teño moita presa.

De cativo dediqueime a brincar, xogar, argallar e facer os deberes, que non foi pouco. De adolescente déuseme por namoriscar, por escribir cousas que ninguén me obrigaba e por vestirme de Atlántico, vestimenta que uso dende entón. E comecei a amar o meu país. A miña cultura galaica e a miña lingua untáronme todo coma se fosen un can cósmico (tal vez o can de Orión) que me lambese a alma cariñosamente. Tamén me comezaron a laiar as cousas todas e din en esgarabexar poesías como analxésicos.

Cando crin ser grande ocorréuseme converterme en rei, e dende aquela teño unha raíña e tres fillas que vos xuro que son para min como tres princesas de conto ben que por veces non o pareza.

De adulto quixen cambiar o mundo, pero decateime de que non podía porque non se deixa. Entón púxenme a inventar historias, pero só de cando en vez, porque como iso non é o único que podo nin gusto de facer, moitas delas quedan esquecidas nos faiados da memoria.

E de vello? Gustaría de seguir nacendo ata converterme nun trasno amábel e contemplar o mundo sorrindo dende o silencio da Lúa.

[Febreiro, 2016]

<http://www.aelg.org/Centrodoc/GetAuthorById.do?id=autor7>

Obras de Narrativa e Poesía

- *Memorias dun río*, Narrativa, Edicións SM, **premio** O Barco de Vapor 1988; Edicións Sotelo Blanco, 2000.
- *Xiganano, ¿onde estás?*, Narrativa, Edicións SM, O Barco de Vapor, 1990
- *O conto dos sete medos*, Narrativa, Edicións SM, **premio** O Barco de Vapor 1991
- *O lapis de Rosalía*, Narrativa, Edicións SM, O Barco de Vapor, 1992; Edicións Xerais de Galicia, Merlín, 2015.
- *O caso das chaves desaparecidas*, Narrativa, Edelvives, Ala Delta, 1993
- *A bruxa sen curuxa*, Narrativa, Edicións SM, O Barco de Vapor, 1993
- *O merlo de ferro*, Narrativa, Edicións SM, O Barco de Vapor, 1995; Edicións Xerais de Galicia, Merlín, 2013.
- *Os gritos das illas Lobeiras*, Narrativa, Edicións SM, **premio** O Barco de Vapor 1995
- *Historias, e algún percance, todas ditas en romance*, Narrativa en verso, Galaxia, Árbore, 1996.
- *Leonel*, Narrativa, Edicións Xerais de Galicia, Fóra de xogo, 1996.
- *Contos de vento e de nunca acabar*, Narrativa, Galaxia, Árbore, 1999
- *A merla de trapo*, Narrativa, Edicións Xerais de Galicia, **premio** Merlín 2001
- *Dominicus, o dragón*, Narrativa en verso, Tambre, Ala Delta, 2001.
- *Onde o sol non adormece*, Narrativa, Edicións Xerais de Galicia, 2003
- *Era unha vez na Quimbamba*, Narrativa, Tambre, Ala Delta, 2006
- *Os amores de Bruno*, Narrativa, Planeta & Oxford, 2008
- *Sopra neste furadiño*, Narrativa, Edicións Embora, 2008.
- *Vestida coa arco da vella*, Narrativa, Edicións Embora, 2008.
- *Rosalía e os equinodermos*, Narrativa, Tambre, Ala Delta, 2010.
- *Vaia tropa!*, Poesía, Edicións Xerais de Galicia, Merlín, 2011.
- *Nos páramos da Lúa*, Poesía, Muíño do Vento, 2016.
- *Anatomía da lingua (Lingua de amar, lingua de amor)*, Poesía, AS-PG, 2017, ilustrado por Leandro Lamas.
- *Tenrura*, Galaxia, Libros para compartir, 2017.

Ensaio

- *Chirlosmirlos (Enciclopedia dos xogos populares)*, Ensaio, Edicións Xerais de Galicia, 2001.
- *Ao pé da Laxa da Moa. Literatura de tradición oral de Carnota*, Ensaio, Edicións Xerais de Galicia, 2010.
- *Tastarabás. Enciclopedia de brinquedos tradicionais*, Ensaio, Edicións Xerais de Galicia, 2013 (**premio** Rosalía de Castro á Iniciativa Editorial e **premio** Losada Diéguez de Investigación 2014)

Teatro

- *O coleccionista de sombras*, Sotelo Blanco Edicións, 1990, **premio** da Mostra de Teatro Xeración Nós 1987,
- *Romance de Bernal o francés*, Xunta de Galicia, Sempre no camiño, 1994 (Primeiro concurso de obras teatrais inéditas Camiño de Santiago; **Accésit** do Premio de Teatro profesional Xacobeo 1993).
- *O incríbel invento de Solfis, a pianista*, Asociación Intermunicipal "Mostra de Teatro Infantil Xeración Nós, **premio** da Mostra de Teatro Xeración Nós, 1994.
- *Un dragón no camiño*, Xunta de Galicia, Sempre no camiño, 1994 (Primeiro concurso de obras teatrais inéditas Camiño de Santiago. Obras de teatro escolar e de monicreques).

- *O ladrón de ar*, Casals, O trolebús, 1996, (orixinal de 1988).
- *Cázame ese pensamento!, Ir Indo, O elefante contacontos*, 2001.
- *Xogando con gatos*, **premio** Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2014, Edicións Xerais de Galicia, **2015**; **premio** de teatro na I **Gala do Libro Galego** en 2016

Obras colectivas

- *Palabras con fondo*, 2001, Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- *Uxío Novoneyra. A emoción da Terra*, 2004, **Asociación de Escritores en Lingua Galega**.
- *Avións de papel en Contos de circo, cronopios e avións*, 2005, Xunta de Galicia.
- *En defensa do Poleiro. A voz dos escritores galegos en Celanova*, 2010, **Toxosoutos**.

Traducións

- *O monstro peludo* - tradución- (Le Montre poilu, **Henriette Bichonnier**), 2004, Edelvives - Tambre, Zaragoza

Obradoiros

- *Obradoiro de Creación Literaria no ensino*, 2006, San Sadurniño, CPI
- *Apalabrando as palabras*, 2008, CEIP San Xoán de Filgueira, Ferrol
- *Obradoiro literario para os rapaces e rapazas da Asociación de Altas Capacidades de Galicia*, 2008, Facultade de Psicoloxía da USC

E quen sabe cantos inéditos

- Se non tivese voz (Referencia da páxina da AELG dedicada a Cortizas;
<http://www.aelg.org/centro-documentacion/autores-as/anton-cortizas/obra>)

Premios

- Premio Teatro Infantil Xeración Nós no 1987, por *O coleccionista de sombras*.
- **Premio O Barco de Vapor** no 1988, por *Memorias dun río*.
- Premio Teatro Infantil Xeración Nós no 1990, por *O incríbel invento de Solfis a pianista*.
- Premio O Barco de Vapor no 1991, por *O conto dos sete medos*.
- Accésit do Premio de Teatro profesional Xacobeo no 1993, por *Romance de Bernal o francés*.
- Premio O Barco de Vapor no 1995, por *Os gritos das Illas Lobeiras*.
- **Premio Merlín** no 2001, por *A merla de trapo*.
- Mención de honra no VII Premio Arume de Poesía para nenos no 2013, por *Cando as follas voan*.
- **Premio Antón Losada Diéguez** de Investigación no 2014, por *Tastarabás*.
- VIII Premio *Manuel María de literatura dramática infantil* no 2014, por *Xogando con gatos*.
- Premio de teatro na I **Gala do Libro Galego** en 2016, por *Xogando con gatos*.

